

Os Grupos provinciais na Deputación de Ourense do Partido Popular, Partido Socialista, Bloque Nacionalista Galego e Democracia Ourenseana presentan a seguinte moción a petición do Comité de Empresa de ILUNION – OURENSE, CO FIN DE RESPALDAR ÓS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE ILUNION EN SAN CIBRAO DAS VIÑAS E EVITAR DO PECHE ESTA EMPRESA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente Ilunion-Once despediu en Ourense a 7 traballadores e pretende trasladar a 4 a Ribadavia sobre un cadro de persoal de 40 persoas. Uns despedimentos inxustos, pero detrás dos que se agocha o desmantelamento progresivo do centro especial de emprego de Ourense, un centro que chegou a xerar 140 postos de traballo para persoas con discapacidade na nosa Provincia, dentro do sector industrial.

A Dirección de Ilunión en Ourense ten trasladado en numerosas ocasións que non conta co Centro Especial de emprego en Ourense ós representantes dos traballadores e traballadoras, que este está abocado ao peche. E así, todos os pasos que está dando van nesa dirección, agora co despedimento dunha parte considerable do cadro de persoal, escudándose na falta de actividade, cando a propia empresa non fai busca activa de proxectos para o seu Centro de Inxección en San Cibrán das Viñas. Tendendo a converterse nunha mera ETT de servizos a terceiros. Mentras, siguen a acollerse ás importantes axudas públicas das que dispoñen os Centros Especiais de Emprego.

As persoas con discapacidade teñen difícil inserción no mundo laboral, mais aínda na nosa provincia, de aí a necesidade de contar en Ourense cun centro especial de emprego con postos de traballo ligados ó sector industrial.

O despido de 7 traballadores, todos eles en situación de baixa médica, supón un paso máis, no anunciado desmantelamento de Ilunión en Ourense, deixando ao persoal despedido en situación de baixa, enfermos e sen posibilidade de buscar traballo a curto prazo nun mundo laboral que en moitos casos ten as portas pechadas para as persoas con discapacidade.

Apelamos á sensibilidade do grupo ONCE como accionista de referencia da empresa ILUNION, non é de recibo se que pretendan pechar as instalacións propias que actualmente funcionan en San Cibrán das Viñas, mentras a mesma empresa en Vigo xera 400 empregos no mesmo sector, sendo como é que esta sección naceu con posterioridade ó propio centro de Ourense.

Neste sentido, dando comité de empresa de ILUNION-Ourense traballamos pola readmisión do persoal inxustamente despedido e solicitamos ás administracións e grupos políticos o respaldo para demandar a continuidade dun centro especial de emprego ligado ó sector industrial en Ourense, unha provincia que se verá unha vez mais agraviada en comparación co resto dos territorios. Porque é necesario facilitar a inserción social das persoas con discapacidade e mais nunha provincia como Ourense. Temos a obriga social, moral e ética de impedir o peche da planta de ILUNION no Polígono de San Cibrán das Viñas e o mantemento e incluso incremento dos postos de traballo a ela ligados, estando ó carón daquelas persoas que por riba da súa discapacidade desexan aportar o seu digno traballo á sociedade ourensá.

ACORDOS

A Deputación provincial de Ourense e todos os grupos políticos con representación na mesma:

- Instamos a ILUNION-ONCE, a garantir o mantemento das instalacións que actualmente funcionan en San Cibrao das Viñas.
- Asimesmo instamos á empresa ILUNIÓN ONCE ao mantemento, recuperación e incremento dos postos de traballo no sector Industrial de Ourense ligados as persoas con discapacidade no Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas. .
- Asimesmo instamos a ILUNIÓN ONCE a que se á readmisión do persoal recentemente despedido.

ASDO:

D^a. Ana Patricia Torres Madureira
Voceira do grupo provincial do PP

44468060K
ANA PATRICIA
TORRES (R:
V32237471)

Firmado digitalmente
por 44468060K ANA
PATRICIA TORRES (R:
V32237471)
Fecha: 2024.04.23
12:35:38 +02'00'

D. Álvaro Vila Araújo
Voceiro do grupo provincial do PSdeG-PSOE

Bernardo Varela López
Voceiro do grupo provincial do BNG

D. Rafael Martínez Cachafeiro
Voceiro do grupo provincial de DO

Ourense, 23 de abril de 2024

AO SEÑOR PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE